


Banda Deseñada

Novidades Out. 2007

Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Relación de novidades en banda deseñada recibidas na biblioteca no mes de abril. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúense as súas signaturas




“ El secreto del estrangulador ” de Tardi, Siniac.

Jacques Tardi adapta a novela de Pierre Siniac (que tamén intervén no guión) nun álbum cheo de suspense no que asistiremos aos terribles asasinatos do Estrangulador de medianoite, nos que a hipnosis parece ocupar un lugar determinante. **Signatura: COM TAR sec**


“ Corazon de tormentas ” de Rubín.


David Rubín realizou este cómic acolléndose ás normas creadas por Scott McCloud para a realización dunha bd de 24 páxinas en 24 horas. Unha historia de amizade, viaxes e piratería; unha senda escura cara á tolemia humana cargada de poesía e rabia. Primeira obra abalada polo "LabOu" (Laboratorio de experimentación dá BD de Ourense). **Signatura: COM RUB cor**



“Albion” de Moore , Reppion, Oakley , Moore.

Durante máis de 25 anos, heroes como The Spider ou o robot Archie desapareceron do mapa. Pero a Idade de Ouro dos cómics británicos está a piques de regresar. Alan Moore recupera o cómic popular inglés coa axuda de Leah Moore, John Reppion e Shane Oakley. **Signatura: COM MOO alb**






“I.N.R.I” de Convard , Falque .


Continúa o misterio do triángulo secreto . As misteriosas intrigas que involucran á igrexa católica, os masons e os templarios continúan : un posible cadáver momificado de Xesucristo e a figura do seu irmán xemelgo Tomás... **Signatura: COM**

“Courtney Crumrin y las criaturas de la noche” de Naifeh .

A moza Courtney Crumrin múdase cos seus pais ao barrio de Hillsborough, onde os nenos se burlan dela e onde convívira co seu tío nunha tétrica casa. Courtney descubrirá que o seu novo fogar oculta un universo aínda máis horripilante: o mundo das criaturas da noite.



Signat: COM NAI cou



“El gran catsby” de Doha.


“O Gran Catsby vai de mocidade. Por mocidade refírome ao lugar que sen dúbida queda na memoria de todas e cada unha das persoas. É o lugar onde un, ás veces, soña sen fundamento ou fere a outro sen ningún reparo.?” di Doha, o autor deste multipremiado cómic coreano. **Signatura: COM DOH gra**

“Witchblade” de Dufaux ,Marz, Choi ; Sadowski .

Ron Marz e Michael Choi, esta vez coa colaboración de Stephen Sadowski, móstrannos como a detective Sara Pezzini aprenderá como funciona o Witchblade, como pensa e para que serve. Os seus destinos entrelazáanse para sempre. **Signatura: COM MAR wit 4**



“Smoke City” , Carre ,Mariolle.



Tras uns anos escondidos, unha banda de famosos maleantes xúntase para roubar unha momia dun importante museo. Pero, sen sabelo, están a piques de cometer un crime

peor **Signatura: COM CAR smo**

“Muchacho 2. ”, de Lepage.

A Nicaragua de Somoza serve de trans fondo á peripecia vital dun novo seminarista que acode a un pobo perdido do interior para pintar un fresco da Paixón de Cristo na igrexa. Alí descubrirá que hai modos moi distintos de entender as escrituras.
Signatura: COM LEP muc 2



“Pinche Mundo”, de Benlloch, Blanco



Jim Montenegro, é un bo rapaz que, ao deixarse tentar por un mafioso estafador que só pretende blanquea-lo seu diñeiro, terá que enfrontarse a si mesmo e ás consecuencias dos seus actos. Cun coidadísimo debuxo, "Pinche Mundo" lévanos a unha viaxe envolvente, cunha ampla galería de secundarios que acompañan a Jim no descubrimento dos erros cometidos, da verdade e da

redención. **Signatura: COM BEN pin**

“Soy leyenda ”, de Matheson, Niles, Brown .

O aclamado guionista de terror Steve Niles (Hyde, O último tren a Deadsville) e o debuxante Elman Brown adaptan a famosa novela de Richard Matheson ao cómic, que pronto aparecera no cine protagonizada por Will Smith.

Signatura: COM MAT soy




“Seton... El naturista viajero ... vol 1 lobo, el rey ”, de Taniguchi.

Old Lobo, ou "o rei" - como lle chamaban os mexicanos -, era o xigantesco líder dunha manda de lobos grises moi peculiar, que durante anos arrasou as praderías de Currumpaw. Coñecido por todos os pastores e vaqueiros, cada vez que aparecía sementaba o terror entre os rabaños mentres os seus donos se sumían na

desesperación. **Signatura: COM IMA set 1**

“Okko ” de Hub .

Tikku, mozo pescador, apela a Okku para atopala Pequena Carpa, a súa



irmá raptada por unha horda de piratas. **Signatura: COM HUB okk 1**

OUTROS COMICS QUE ATOPAMOS NA SALA INFANTIL :


“Snoopy y Carlitos”, de Schulz .

Quinta entrega da serie Snoopy e Carlitos, que comprenden as tiras publicadas dos Peanuts durante os anos 1959 e 1960. Nelas, Snoopy empeza a ocupar a súa residencia no alto da súa caseta, Linus pasa toda a noite en vela queixándose de que foi vítima dunha falsa doutrina e Lucy saca un despacho de billetes e ofrece consulta siquiátrica a 5 céntimos. **Signatura: COM SCH sno 5**



“Stars wars.1” de varios autores .

Os sete volumes desta colección asombrarán, divertirán e deleitarán por un igual a incondicionais de Star Wars, amantes da cultura pop e coleccionistas. Onde, se non, atoparíamos a Han Solo tratando de ligar cunha rapariga de cor azul? E a un coello carnívoro de dous metros chamado Jaxxon loitando á beira dos heroes ? **Signatura: COM (STA) CLA**



1

“Bone 4 ”, de Smith.

Continúan as aventuras de Fone Bone , Smiley Bone , Phoney Bone , Thorn, a avoa Ben, un misterioso dragón vermello.... Combinando o atractivo universal do humor coa narrativa épica o Bone de Jeff Smith converteuse nunha das mellores novelas gráficas que se poden atopar hoxe nas librerías.



Signatura: COM SMI bon 4

“Batman”, de Adams.

A arte de Neal Adams devolveu a Batman ás súas raíces , centrando ao personaxe nun ambiente de crime e sombras. Isto creou unha nova imaxe do personaxe que atraeu a toda unha nova xeración de lectores. Agora, e por primeira vez, recompilase



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Delegación Provincial
BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA
MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS



**Rede de
Bibliotecas de Galicia**

Rúa Miguel González Garcés, nº 1
15008 A CORUÑA
Tfno./Fax: 981 17 02 18 - 981 17 02 19
<http://www.rbgalicia.org>
bpnrgonzalezgarcés@xunta.es



todo o traballo que Adams realizou para Batman (tanto historias como portadas) restaurado para a ocasión polo propio autor. **Signatura: COM (SBAT) ADA bat-2**